



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

31 MAR 2001 14:27

SAIDA

Mediante Resolución da Universidade do 7 de decembro de 2000, publícase (BOE do 4 de xaneiro de 2001) o plano de estudos de Mestre , especialidade en Educación Primaria, da Facultade de Ciencias da Educación por adaptación á normativa vixente.

Na alínea 3.d), da táboa de adaptación establécese que a Universidade, trala consulta ó Centro dictará as resolucións necesarias para o desenvolvemento do plano de estudos, de xeito especial no referido ás adaptacións non previstas.

Ó abeiro deste artigo dictouse a resolución do 16 de novembro de 2000 na que figuraban as táboas de adaptación correspondentes ós planos de estudio de mestres que se imparten na Facultade de Ciencias da Educación. Sen embargo tense detectado algunha deficiencia que a xuízo do Centro debe ser corrixida polo que ó abeiro do indicado

Resolvo:

Primeiro.- Modifícase a adaptación das materias troncais que figuran na táboa de adaptación da Resolución do 16 de novembro de 2000 "Didáctica do Cálculo" e "Didáctica da Xeometría" que deberá facerse do seguinte xeito:

Plano 1993 Educación Primaria	Plano 2000 Educación Primaria
<i>Didáctica do Cálculo</i>	<i>Didáctica da Matemática I</i>
<i>Didáctica da Xeometría</i>	<i>Didáctica das Matemáticas II</i>

Terceiro.- No caso de terse notificado a resolución de adaptación ós alumnos, sen recoller estas modificacións da adaptación, a Unidade de Xestión Académica do Campus Norte procederá de oficio a notificar, mediante unha nova resolución, ós alumnos afectados, a adaptación que consonte a esta resolución lle corresponde.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2001

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano da Facultade de CC. da Educación, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefe do Servizo de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Norte, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE.